

Igualdade

En EROSKI, consideramos a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes como un principio básico e estratéxico da xestión da organización. Acabar coa desigualdade supón un proceso de cambio directamente relacionado coa nosa cultura cooperativa e igualitaria. Neste sentido, EROSKI réxese polo principio de non discriminación xa previsto nos seus estatutos fundacionais non só en relación co xénero, senón tamén coa raza, a orientación sexual, as crenzas relixiosas, as opinións políticas, a nacionalidade, a orixe social, a discapacidade ou calquera outra característica que puidese orixinala.

Para iso, contamos desde 2005 cunha Comisión para a Igualdade, responsable da realización e a actualización periódica do Diagnóstico e o Plan para a Igualdade de Mulleres e Homes de EROSKI, e co Observatorio de Igualdade, unha ferramenta para velar polo cumprimento deste principio en toda a organización. Representantes

das socias e socios traballadores da cooperativa compoñen este organismo, que conta con seis áreas de traballo: uso da linguaxe, eliminación de barreiras físicas e de saúde, eliminación de barreiras sociais, desenvolvemento persoal e profesional, e conciliación da vida persoal e profesional.

Ademais, contamos cunha canle de denuncia e, desde 2015, cun servizo de asesoría confidencial para evitar posibles casos de acoso no traballo e canalizar calquera incidencia. Dispomos tamén dun protocolo contra a violencia de xénero, que foi elixido como boa práctica para alcanzar o ODS 5 de Igualdade de Xénero por parte da Rede Española do Pacto Mundial.

En 2019, continuamos realizando un seguimento periódico de revisión do Plan de Igualdade e tamén se desenvolveron accións de fomento e colaboración coa igualdade de xénero, entre as que destacan:

Celebración do Día Internacional da Muller

- Almorzo gratuíto para sensibilizar e celebrar o 8 de marzo.
- Carteis alusivos en toda a rede de tendas.
- Publicidade do evento interna e externamente a través da revista Nexo e boletíns semanais.

Formación para favorecer a igualdade

Continuouse fomentando a "Escola de carreteleiras", unha acción para favorecer a empregabilidade das mulleres de EROSKI en postos que tradicionalmente teñen un rol máis masculinizado. A formación estendeuse a 10 mulleres.

Colaboracións

- Celebración da xornada de igualdade "Non son invisible. A diversidade enriquece", que serviu para falar de diversidade e acoso, de integración e igualdade, e do rol dos observadores nos casos de bullying, entre outros aspectos.
- Colaboración coa campaña institucional coa Deputación Foral de Biscaia en relación cos xoguetes non sexistas.
- Participación no acto organizado pola Cruz Vermella, "O balance máis positivo", co obxectivo de concienciar as empresas da importancia da corresponsabilidade en materia de conciliación.




Indicadores de igualdade 405-1

Como mostra do noso compromiso pola igualdade, cabe destacar que o 78% do noso persoal son mulleres, e son elas as que ocupan o 72% dos postos de responsabilidade en 2019, porcentaxe moi superior á media do sector. Ademais, EROSKI, S. Coop. conta desde inicios de 2017 cun Consello de Dirección con presenza paritaria de mulleres e homes.

Así mesmo, a presenza de mulleres é tamén maioritaria nos órganos de goberno corporativo. En 2018, alcanzouse a paridade tamén no máximo órgano de goberno de EROSKI, S. Coop., o Consello Reitor.

Distribución por xénero e franxa de idade de persoas traballadoras segundo categoría profesional



Véxase a táboa 14 do anexo de indicadores para comparativa co exercicio anterior.